



A CESTERÍA: A ARTE DE TECER FIBRAS VEXETAIS

Lola Tourón (Texto),

Marta Cancio (Fotografías)

Breve achega histórica.

A arte de tecer materiais vexetais flexibles para construír recipientes de transporte e almacenaxe defínese como cestería. O termo cesta procede do latín “*cista, cistella*” e a súa vez do grego “*kisti, kistis*”. Trátase dunha das actividades artesanais máis antigas da Humanidade, para a que é preciso unha gran habilidade e un profundo coñecemento dos materiais usados.

A palabra cestería, en sentido estrito, implica unicamente a elaboración de cestos, non entanto, é unha acepción moito máis ampla e versátil; abrangue calquera tipo de peza realizada con fibras vexetais, dende elementos da arquitectura como tabiques, cubertas de palla, construcións para almacenaxe como os caínzos, mobiliario como as cadeiras, ata sombreiros ou vestiario como as corozas para a choiva e o calzado, entre outros. As persoas que levan a cabo estes traballos coñécense como cesteiros/as.

Ao longo da historia unha gran variedade de artesáns teñen traballado materiais vexetais, como os cordeiros (elaboraban cordas), esteiros (realizaban esteiras), esparteiros (traballaban o esparto), albardeiros (manufacturaban albardas para os animais), cabestreiros (trenzaba os cabestros ou cordas de cáñamo), silleiros (botaban os asentos ás cadeiras) etc., un amplísimo repertorio de artesáns que cubrían a demanda das necesidades do momento.

Antropólogos e arqueólogos coinciden en que o traballo da cestería precede ao da olaría e o tecido.

Trátase, polo tanto, dunha das tecnoloxías máis antigas que nace da necesidade de transportar, conservar e protexer alimentos, líquidos e aveños básicos. Podemos dicir que a cestería é “unha das máis íntimas expresións da adaptación do home ás súas necesidades”.



A elaboración dun machado, por exemplo, faríase anoando a pedra ao mango de pau con tendóns de animais, tiras de coiro ou fibras vexetais. Ademais estas fibras torsionárianse para fabricar cordas, e pouco a pouco trenzaríanse para finalmente crear recipientes. Probablemente os referentes foran a contorna máis inmediata, a través da observación achegan as solucións técnicas; mesmo os niños dos paxaros son entrelazados de fibras vexetais. Deste xeito, poderíamos considerar a cestería como unha adaptación do home e as súas necesidades por medio da utilización dos elementos e das técnicas presentes na propia Natureza.

Hai diversas teorías sobre a orixe e difusión desta técnica, algúns afirman que nace en Exipto e logo difúndese polo norte de África, outros que se chega a Europa a través de navegantes fenicios ou cartaxineses, ou se por outra banda nace no norte de Europa etc., entre outras hipóteses. Pero o que si parece evidente é que a técnica cesteira nace e desenvólvese simultaneamente en diferentes culturas e en varios espazos xeográficos do mundo. De feito, a cestería esténdese polos cinco continentes e desenvólvese nas máis diversas culturas, dende a selva amazónica ata o deserto do Kalahari.

Os achados arqueolóxicos sitúan a execución destes aveños a partir da sedentarización das sociedades cazadoras-recolectoras do Paleolítico, como evidencian as pinturas murais en covas e abrigos da Península Ibérica, tales como a cova de “La Araña” de Bicorp en Valencia, onde se representa a un home que leva un cesto na man, gabeando para recoller mel nunha colmea.

Os achados no Neolítico máis coñecidos son Çatal Hüyük en Turquía, El Fayum e Badari en Exipto ou os xacementos lacustres suízos. Na Península Ibérica destaca un dos exemplos máis espectaculares: a cova de “Los Murciélagos” de Albuñol en Granada, onde apareceron varios cadáveres ataviados con túnicas, gorros, colgantes, cestos e calzado, todo feito de esparto. Debemos sinalar que estes restos conserváronse grazas ás condicións especiais dentro da cova e a que os cadáveres apareceron momificados, posto que a cestería ao ser materia orgánica consérvase moi excepcionalmente.

A necesidade de transportar e conservar líquidos, antes da invención oleira, levaría a impermeabilizar con arxila os recipientes cesteiros. Por tanto, a técnica cesteira do **cosido en espiral** sería a que propiciou o método máis antigo de elaboración cerámica: unha larga tira de barro que enrolada sobre si mesma irá dando forma ás paredes do vaso. A técnica coñecida como de colombíns ou churros.



1. Técnica de cosido en espiral¹.

Esta teoría de que a cestería precede á olaría, podémola evidenciar nos restos de cerámica con pegadas ou marcas cordais, como o exemplo da peza arqueolóxica de Villargamar do Museo de Burgos, ou as pezas construtivas para revestimento de paredes de moitos castros da Idade do Ferro no Noroeste peninsular, o chamado *pallabarro*, etc. Hai moitos restos deste material en escavacións de castros como o de Viladonga en Lugo, ou o castro de Besomaño en Ribadumia, Pontevedra, etc.

¹ Debuxos extraídos de HOGAN, J. (2001): *Basketmaking in Ireland*. ED. Wordwell Ltd, Dublín, p. 201.



2. Fragmentos de pallabarro do Museo do Castro de Viladonga, Lugo.

Tamén sabemos que nos asentamentos prehistóricos tiñan celeiros soterrados, forrados de cestería para a protección dos alimentos ou forrados de arxila como no caso do xacemento de Monte Buxel en Redondela, cabazas forradas para gardar e transportar líquidos. Ademais de cestos recubertos con barro para o transporte de líquidos e onde, posteriormente, introducían pedras quentes para quecer o contido. Probablemente estes cestos recubertos de barro, ao seren consumidos polo lume deron lugar a unha forma independente de barro moldeado e cocido, isto é a cerámica. A relación entre cestería e cerámica está moi presente nos exemplos de cacharros de barro con decoracións que imitan tramados da cestería como os de tipo campaniforme.

Tamén atopamos tramados recubertos cunha mestura de barro e palla; na escavación do castro de Cameixa (Boborás, Ourense), descubriron anacos de barro endurecido onde se aprecia a textura do tramado, un método de construción que subsiste ata hoxe na arquitectura popular do norte e noroeste da península.

Na Grecia clásica este tipo de actividade consolídase e ademais introducen na elaboración destas pezas criterios ornamentais e amplían a tipoloxía. De Grecia pasa a Roma, como a maioría destas actividades, e o cesto convértese nun elemento doméstico de primeira necesidade. A importancia da cestería no mundo grecolatino queda demostrada na representación destes obxectos en pezas de cerámica, nas moedas, en mosaicos e pintura mural. Tamén se teñen

atopado de época romana restos de cestos utilizados para gardar ósos humanos, o que evidencia un uso funerario ademais do doméstico.

Posiblemente, aínda que hai poucos restos, na Idade Media continuouse con esta artesanía con poucas innovacións, pero certamente si que se formarían gremios de cesteiros como era habitual en calquera artesanía e tamén evolucionaría a unha maior especialización deste oficio.

No século XX o proceso de industrialización vai ser determinante na evolución deste traballo. A introdución do plástico na confección de recipientes domésticos e seu baixo prezo no mercado, fai que a cestería sufra o seu período de decadencia. O gran despegue da cestería no noso ámbito xeográfico coincide coa expansión da industria. De feito os chamados pobos cesteiros xorden pola necesidade de abastecer ás industrias, aos centros mineiros, á actividade pesqueira, ao transporte e ao comercio de produtos. Parece un paradoxo o feito de que o mesmo desenvolvemento técnico e industrial que motivou o auxe e o apoxeo da actividade cesteira provoca a súa paulatina desaparición.

Os novos materiais derivados do petróleo, sobre todo o plástico e en menor medida o caucho, a mecanización do campo e en xeral os novos sistemas produtivos anulan en gran medida a funcionalidade da actividade cesteira que nace, desenvólvese e esvaécese en base ao principio básico de ser un obxecto funcional, pragmático e humilde.

Materias primas e técnicas máis frecuentes en Galicia.

Como xa dixemos anteriormente nas escavacións arqueolóxicas non adoitan aparecer pezas de cestería porque as condicións de enterramento, a alta humidade xunto ao solo ácido galego non permiten a súa perdurabilidade. Pero contamos con algúns exemplos que se conservaron grazas a que están carbonizados, é o caso dos restos dunha posible cesta exhumada no castro de Castromaior en Portomarín. Este achado constata o uso deste material nos castros de Galicia, feito que sería moi frecuente neste tipo de comunidades agrícolas e gandeiras. E, por suposto, quedan as pegadas das varas en moitos restos de

pallabarro para construcións na maioría dos castros do noroeste Peninsular.



3. Restos de materia orgánica carbonizada posiblemente dun cesto de Castromaior. Depósito Museo do Castro de Viladonga, Lugo.

Referíndonos a cestería tradicional de Galicia, digamos que tivo un uso cotiá en todas as casas, todo tipo de aveños para multitude de usos atendendo a unha economía gandeira, agrícola e mariñeira.

Atendendo aos materiais e técnicas construtivas podemos diferenciar catro grandes tipoloxías: cestería **de varas ou corres**, cestería **de madeira rachada**, cestería **de colmo** e cestería **mixta**.

Cestería de varas ou corres.



4. Cabaceiro de Viladar, Palas de Rei, Lugo.

O clima e a vexetación da rexión atlántica que nos ocupa, con bosque de folla caduca e clima chuvioso, con vexetación exuberante é un lugar ideal para a cestería de varas. Este tipo de cestería usa numerosas especies vexetais: vimbio, codeso, pau sanguíño. O hórreo, e o seu antecesor o cabaceiro ou canastro, son a versión máis primitiva desta cestería e demostra que a casa e o cesto se unen co mesmo concepto primario, o de seren receptáculo e protección. Os "setos" vivos (sebes), rastros para a terra, colares e soltas para o gando mostran enxeñosas formas milenarias de adaptación ao medio.



5. Cesta de varas, Colección Lola Tourón.

Cestería de madeira rachada.

Esta técnica caracterízase por precisar unha preparación previa da materia prima e vai determinar a existencia dunhas ferramentas como a coitela, a podiña, o ferro de furar.



6. Cestos de madeira rachada. Colección Lola Tourón.

Entre as pezas realizadas con esta técnica están: os escriños (para levedar a masa) e as paneiras para gardar o pan entre fornada e fornada; ás veces eran tan grandes que non pasaban por ningunha porta así que o escriñeiro/a traballaba a peza dentro do propio lugar. Algunhas formas de beleza extraordinaria, xigantescas ánforas para gardar as fabas, pezas baixas achatadas para a pita choca ou pequenas cestas para o pan recen amasado antes de ir ao forno; todas estas pezas tiñan a particularidade de manter un equilibrio xusto entre ventilación e retención de humidade. Outros exemplos de sumo esmero son as colmeas de onde se debe o nome de técnica de colmea.

A madeira rachada tamén tivo grande importancia en todos os traballos de carrexo de xurro, vendima, pedras, etc, pezas como o culeiro, ou carrá ou os cestos de zoqueiro cunha asa cruzada, onde levaban a ferramenta de aldea en aldea para facer ou reparar os zocos etc.

Cestería de colmo.

Este tipo nace vencellado ao cultivo do cereal, caracterízase pola técnica en espiral, que avanza a partir dun punto central ao redor do que se cose cun movemento en espiral crecente, un tecido apertadísimo que se forraba con resina de pino para reter o líquido, foi una das primeiras técnicas e a máis estendida.



7. Cestos de colmo. Colección Lola Tourón.

A cestería de palla de centeo, maioritariamente cosida con casca de silva, foi moi relevante en todo o país ata o 1880. Nese momento o cultivo de centeo entrou en retroceso polo que foise perdendo o traballo artesán ligado a el. Ademais outra das causas que propician o seu esmorecemento está na aparición das colleitadoras mecánicas que fan que a palla non sexa apta para a cestería.

Cestería mixta.

Da interacción entre a cestería de varas e a de madeira xorde este tipo de técnica. Mestura madeira, vimbio e codeso. Esta cestería é propia do interior de Galicia.



8. Cesta mixta. Colección Lola Tourón.

Destaca a presenza do cesteiro na vida cotiá da Galicia tradicional rural e mariñeira. No mundo da cestería hai todo un patrimonio lingüístico relacionado cos usos e as tipoloxías dos cestos. Como testemuño desta importante presenza está o nome da *rúa dos Cesteiros* en Vigo. Tamén sinalar que na zona de Mondariz conservouse ata hai ben pouco unha linguaxe específica dos cesteiros símbolo da súa gran importancia na historia desta artesanía en Galicia.



9. Feira de Lugo, foto cedida polo Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondo Vega.

Non debemos esquecer a realización das corozas feitas con xuncos que, probablemente, sexa unha prenda ancestral que levaban os pastores para protexerse da choiva e do frío.



10. Capelo de xuncos. Colección Lola Tourón.

Coa desaparición destes traballos e a aparición do plástico a cestería está nun momento complexo, os/as que estamos apaixonados/as por este oficio creemos que aínda ten moito que achegar ao momento actual: estruturas, valados, esculturas, pezas de uso cotiá aportan beleza e coñecemento da nosa cultura, dos materiais e de nós mesmos.

Bibliografía

ALFARO GÍNER, C. (1984): *Tejido y cestería en la Península Ibérica. Historia de su técnica e industrias desde la prehistoria hasta la romanización*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Instituto Español de Prehistoria. Bibliotheca Praehistorica Hispana VOL.XXI, Madrid.

AMOROS OSKOZ, X. (1998): *La cestería del castaño en Durangaldea-Juan Unzueta*. Ed. Arbaso, Durango.

CALLE RODRÍGUEZ, A. (1982): *La Cestería*. Oficios tradicionales de Madrid. Ed. Servicio de Extensión Cultural y Divulgación. Diputación de Madrid, Madrid.

FONTALES, C. (2005): *Cestería de los pueblos de Galicia*. Edicions Ir Indo, Vigo.

HERRERO GARCÍA, M.R. e BARCELO GARCÍA, E. (1987): "La cestería en las comarcas de Navalcarnero y San Martín de Valdeiglesia". *Narría*, nº47. Universidad Autónoma de Madrid: Museo de Artes y Tradiciones Populares, Madrid.

HOGAN, J. (2001): *Basketmaking in Ireland*. Ed. Wordwell Ltd, Dublín.

LÓPEZ MARTÍNEZ, L.F. (2009): *Memoria da intervención arqueolóxica no castro de Castromaior*, Portomarín, Lugo 2007-08-09.

KUONI, B. e SORIANO MARÍN, M.D. (1977): "Propuesta de terminología para las técnicas empleadas en cestería". *Narría*, n.º 7. Ed. Universidad Autónoma de Madrid: Museo de Artes y Tradiciones Populares, Madrid.

KUONI, B. (2003): *Cestería Tradicional Ibérica*, Ediciones del Aguazul, Barcelona.

VARELA CADAHÍA, C. (2017): "Cabaceiras, os hórreos dos pobres". *Cairón*, n.º 1. Instituto de Estudos Ulloáns, Santiago.

